

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	LUGO
<b>Edificio</b>	Catedral de Santa María
<b>Dirección</b>	Praza Santa María, 1 27001
<b>Localización</b>	Sala de campás
<b>Nombre</b>	<b>Cimbalico (5)</b>
<b>Medidas (cm)</b>	Diámetro (en cm) 77   Bordo 8   Altura do bronce 70   Peso aproximado (en quilogramos)264 kg
<b>Fundidor</b>	DE SOBRADO, GREGORIO
<b>Ano de fundición</b>	1740
<b>Descrición</b>	<p>Na parte superior a campá leva a usual inscrición das campás galegas " # IHS # MARIA # I JOSEPH # A N O D E I 7 4 0 # # # # # # # # " . IHS é o anagrama de Jesús en grego. A inscrición emprega diversas linguas: o grego para o anagrama de Jesús, o latín para o nome de José, o español para a unión "E" (en latín sería "ET" e para o ano (en latín sería "ANNO")</p> <p>Na parte de fóra, no medio, hai unha cruz con pedestal.</p> <p>Debaixo, na parte exterior, está a marca de fábrica "GREGORIO DE SOBRADO ME HIZO # "</p> <p>Hai separación entre as letras do texto, que non diferencia as palabras, posiblemente para ocupar todo o espazo.</p>
<b>Fotos</b>	29
<b>Toques</b>	Repiques circulares (virando o badalo dentro de todo o perímetro da campá).
<b>Conservación, mantemento</b>	<p>Ten diversos defectos de fundición, que parecen grandes gretas, que non afectan ao son.</p> <p>Ten numerosas manchas por excrementos de aves na parte interior da campá.</p> <p>Toque manual.</p> <p>Cepo pintado de verde.</p>
<b>Protección</b>	Protección xenérica ao atoparse nun BIC declarado. No entanto debería incoarse expediente para incluír a campá e a instalación orixinal no Inventario Xeral de Bens Mobles, debido ao interese do conxunto.
<b>Propostas</b>	<p>A campá debe ser limpada, por dentro e por fóra, para recuperar a sonoridad orixinal. O cepo de madeira debe ser restaurado.</p> <p>Debe utilizarse pintura adecuada para a protección da madeira e que ao mesmo tempo permita que respire.</p> <p>En ningún caso debe ser dotada de electromazo externo.</p>
<b>Autores da documentación</b>	FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, Estanislao
<b>Data</b>	2013

Folla completa da campá: [Cimbalico \(5\) Catedral de Santa María - LUGO](#)